

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DO DÍA 5 DE SETEMBRO DE 2019, CON CARÁCTER SUPLETORIO DA CORRESPONDENTE AO DÍA 29 DE AGOSTO DE 2019

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día cinco de setembro de dous mil dezanove, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Pleno municipal.

Asisten os señores concelleiros don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta, de UxC; dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceró Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei, do PSdeG-PSOE; dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe, do PP; don Daniel Carballeda Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández, do BNG; don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites de AV; e integrando o Grupo Mixto, dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común e dona María José García Hidalgo, de C's.

Non asiste, con escusa, don Juan María Abalo Castex, do PP.

Asisten don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, e dona M^a del Juncal Capín Fonseca, secretaria accidental.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1º do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 5 de setembro de 2019, celebrada con carácter supletorio da correspondente ao día 29 de agosto de 2019, que xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video_201909051801170000_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. PARTE RESOLUTIVA

1.1. Proposta de festivos locais para o ano 2020

Acceso á videoacta – 00:00:37 horas

Vista a proposta de Alcaldía do día 21 de agosto de 2019 que consta do seguinte teor literal:

“Segundo o establecido no artigo 37.2 do Estatuto dos traballadores e no artigo 46 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, sobre regulación da xornada de traballo, xornadas especiais e descansos, serán inhábiles para o traballo, retribuídas e non recuperables, dúas festas locais.

Visto o escrito rexistrado de entrada ao núm. 900/2016, o día 18 de xullo de 2019, procedente do Servizo de Traballo e Economía Social, Xefatura Territorial da Coruña, Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, solicitando que antes do día 15 de outubro de 2019 por este concello se envíe a proposta na que consten as datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable no Concello de Cambre para o vindeiro ano 2020. Propono ao Pleno municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Establecer como festivos locais para o ano 2020 o día 25 de febreiro (martes de Entroido) e o día 14 de agosto.

Segundo: Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Traballo e Economía Social, Xefatura Territorial da Coruña, Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico de data 29 de agosto de 2019.

O Sr. alcalde informa que modifica a proposta de Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa, de xeito que se propón como festivo local o día 17 de agosto, en substitución do día 14 de agosto.

Sometida a votación a proposta de modificación do ditame da comisión, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceros Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), as dúas concelleiras presentes do PP (dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe) e os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites). Abstéñense os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común e dona María José García Hidalgo, de C's).

O Pleno municipal, por dezaseis votos a prol, aproba a modificación do ditame emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico o día 29 de agosto de 2019.

A continuación, sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, coa inclusión do día 17 de agosto como festivo local, en substitución do 14 de agosto, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceros Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), as dúas concelleiras presentes do PP (dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe) e os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites). Abstéñense os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común e dona María José García Hidalgo, de C's).

O Pleno municipal, por dezaseis votos a prol, acordou:

Primeiro: Establecer como festivos locais para o ano 2020 o día 25 de febreiro (martes de Entroido) e o día 17 de agosto.

Segundo: Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Traballo e Economía Social, Xefatura Territorial da Coruña, Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia.

1.2. Solicitud para participar na 2ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2019 da Deputación Provincial da Coruña

Acceso á videoacta – 00:09:07 horas

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras do día 23 de agosto de 2019 que consta do seguinte teor literal:

Logo de ver a Circular da Excm. Deputación Provincial da Coruña recibida o día 2 de maio de 2019, para a elaboración do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS + 2019 ADICIONAL 1/2019 por maior achega desa Deputación, mediante a que comunican que coa finalidade de realizar unha maior achega provincial ao POS+ 2019, no EMC 1/2019 aprobado polo Pleno da Deputación o 1 de marzo de 2019 consignouse a cantidade de 30.000.000,00 €, distribuíndose a dita cantidade entre os 93 concellos da provincia aplicando os mesmos criterios previstos nas Bases reguladoras do POS+, de forma que do importe total, correspóndelle ao Concello de Cambre, unha achega total de 654.553,64 €.

Logo de ver que segundo a devandita Circular, o concello unicamente poderá destinar esta maior achega provincial asignada ao financiamento de investimentos financeiramente sostibles, ben aos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2019, xa aprobados condicionados á existencia de crédito para o seu financiamento, ou ben a outros novos investimentos financeiramente sostibles, polo que se aprobará o POS+ Adicional 1/2019 aprobarase en dúas fases:

- Na 1ª fase incluíranse unicamente investimentos financeiramente sostibles xa incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2019, cuxa documentación xa foi presentada no seu momento por ese concello, e agora unicamente debe confirmarse a súa inclusión definitiva neste POS+ Adicional 1/2019 presentando a documentación que se indica na propia circular, polo que o 1º prazo de presentación de documentación é moi curto, ata o 20 de maio de 2019.
- Na 2ª fase incluíranse os novos investimentos financeiramente sostibles que o concello desexe financiar con cargo ao POS+ Adicional 1/2019, e deberá presentarse toda a documentación que se indica máis adiante, polo que o 2º prazo de presentación de documentación é máis longo, ata o 13 de setembro de 2019.

Tendo en conta que o goberno municipal ten interese en levar a cabo unha actuación no campo de fútbol de Brexo, non incluída no Plan Complementario ao POS+ 2019, polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, redactouse o proxecto denominado "**Proxecto básico e de execución de gradas cubertas e vestiarios para o campo de fútbol de Brexo, no lugar de Pousadoira, nº 14. Cambre**" cun orzamento total, IVE engadido, que ascende a **657.218,29€**; e que habida conta do importe do proxecto, é necesario contar cunha axuda para poder levalo a cabo, é polo que se plantexa ao Pleno municipal, destinar o importe do POS+ Adicional 1/2019 por maior achega, ao financiamento deste proxecto, dentro da 2º fase do plan.

Co proxecto preténdese construír unhas gradas cubertas e uns vestiarios, nunha única edificación. O edificio construírse nunha parcela anexa ó campo de fútbol dos Pinares, na parroquia de Brexo, en Cambre. O graderío constituirá un complemento ás actividades que se realizan no campo de fútbol, prestando servizo ós deportistas e ó público que acuda ós actos deportivos.

Á vista do informe favorable relativo á dispoñibilidade de terreos emitido conxuntamente polo arquitecto municipal, e pola secretaria accidental do concello de data do 21 de agosto de 2019,

Á vista do informe emitido pola Intervención Municipal de data 23 de agosto de 2019, conforme a actuación considérase un investimento financeiramente sostible.

Por todo o anterior **PROPOÑO** o pleno a adopción dos seguintes acordos:

1.- Participar na **2ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2019** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se aceptan na súa totalidade, aplicando o importe total da maior achega provincial asignada ao Concello de Cambre ao financiamento do investimento financeiramente sostible que se indica a continuación, e aprobar o correspondente proxecto de obra:

| Investimentos financeiramente sostibles incluídos no Plan Adicional ao POS+ 2019 | Financiamento dos investimentos | | |
|--|---------------------------------|-------------------|---------------------|
| | Deputación | Concello | Orzamento total |
| Proxecto básico e de execución de gradas cubertas e vestiarios para o campo de fútbol de Brexo, no lugar de Pousadoira, nº 14. Cambre | 654.553,64€ | 2.664,65 € | 657.218,29 € |
| TOTAL | 654.553,64€ | 2.664,65 € | 657.218,29 € |

| | |
|--|-------------|
| Maior achega provincial asignada ao concello | 654.553,64€ |
| Maior achega provincial aplicada na 1ª Fase | 0,00€ |
| Maior achega provincial aplicada na 2ª Fase | 654.553,64€ |

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución do investimento, non sendo necesaria ningunha autorización administrativa para elo.

3.- Declarar que o concello ten crédito, e de ser o caso, que se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal aos investimentos financeiramente sostibles incluídos no POS+ Adicional 1/2019 por maior achega.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente ao Sr. concelleiro-delegado da Área de Urbanismo e Obras para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá, Educación, Mobilidade, Medio Ambiente e Sanidade de data 29 de agosto de 2019.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceros Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), as dúas concelleiras presentes do PP (dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe) e a concelleira integrante do Grupo Mixto (dona María José García Hidalgo, de C's). Abstéñense os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández) e a concelleira integrante do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común).

O Pleno municipal, por quince votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

1.3 Mocións urxentes en asuntos de competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día

Acceso á videoacta – 00:18:35 horas

Non se tratou este punto da orde do día.

2. PARTE DECLARATIVA

2.1. Declaracións institucionais

Acceso á videoacta – 00:18:40 horas

Non se tratou este punto da orde do día.

2.2. Mocións dos grupos municipais

Acceso á videoacta – 00:18:43 horas

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada por Ciudadanos co fin de instaurar 1 hora sen ruído en todas as festas do municipio, para favorecer aos nenos con dificultades de integración sensorial. Votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceró Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), as dúas concelleiras presentes do PP (dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común e dona María José García Hidalgo, de C's).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

Única.- Moción de Ciudadanos co fin de instaurar 1 hora sen ruído en todas as festas do municipio, para favorecer aos nenos con dificultades de integración sensorial.

Rexistrada de entrada ao núm. 999/1315 o día 29 de agosto de 2019. Consta do seguinte teor literal:

«Os pasados 23 e 24 de agosto celebráronse na cidade da Coruña as festas do barrio de Novo Mesoiro nas que, por medio da Concellería de Benestar Social e da Asociación de Veciños de Novo Mesoiro, púxose en marcha a iniciativa “2 horas sen ruído” para concienciar sobre as barreiras ás que se enfrontan diariamente as persoas con autismo e con dificultades de integración sensorial. Así, durante dúas horas, as atraccións infantís instaladas no barrio non tiveron nin música nin sons e os nenos con este tipo de dificultades e as súas familias puideron gozar dos seus dereitos e integrarse plenamente na comunidade. Ao mesmo tempo, o resto das persoas tiveron a oportunidade de aprender a aceptar a diversidade e tomar conciencia das barreiras cognitivas pero tamén sociais coas que se atopan habitualmente os nenos que padecen dificultades de integración sensorial.

Este tipo de iniciativas beneficiannos a todos, sen elas é imposible que a poboación poida axudar se non entende o que pasa.

O termo trastorno do espectro do autismo (TEA) fai referencia a un conxunto amplo de condicións que afectan ao neurodesenvolvemento e ao funcionamento cerebral, dando lugar a dificultades na comunicación e interacción social, así como na flexibilidade do pensamento e da conduta.

Acompaña á persoa ao longo de toda a súa vida, aínda que as súas manifestacións e necesidades cambian en función das distintas etapas do desenvolvemento. Preséntase de maneira distinta en cada caso, por iso as necesidades individuais son moi heteroxéneas. Afecta de maneira fundamental á esencia social do individuo e á súa capacidade para responder adaptativamente ás esixencias da vida cotiá. Impacta non só na persoa, senón tamén na súa familia e na calidade de vida de todos os seus membros. Require a abordaxe integral das necesidades da persoa, orientado a facilitar apoios individualizados, especializados e baseados na evidencia científica que promovan a súa calidade de vida e o exercicio efectivo dos seus dereitos. Trátase dunha “discapacidade invisible” no sentido de que non leva asociado ningún trazo específico na aparencia externa, manifestándose unicamente a nivel conductual.

Non sabemos con seguridade o número de casos que existen en España, xa que non existe un censo oficial. O que si sabemos é que nos últimos anos tense constatado un aumento considerable dos casos detectados e diagnosticados. As cifras de estudos epidemiolóxicos realizados en Europa apuntan a que o autismo afecta a 1 de cada 100 menores, polo que se estima que en España existen máis de 450.000 persoas que sofren este trastorno.

Parece evidente que os síntomas do autismo aparecen na idade infantil, manifestándose normalmente nos tres primeiros anos de vida. Normalmente detéctanse por dificultades á hora de relacionarse, comunicarse ou xogar co resto dos compañeiros.

Entre as dificultades para os nenos con autismo é conveniente citar:

- Dificultades para comunicarse sen palabras durante a interacción social: uso da linguaxe corporal, comprensión e uso doutros aspectos da comunicación non verbal, como o contacto ocular e falta de expresións faciais e xestos.
- Dificultades na reciprocidade social e emocional, que se presentan de diferentes formas, variando dende dificultades nas aproximacións sociais, dificultades para manter unha conversa, para compartir intereses e emocións e dificultades na iniciación social.
- Dificultades para establecer e manter relacións con outras persoas máis aló dos seus pais ou cuidadores.

As persoas con autismo enfróntanse a numerosas barreiras á hora de gozar dos seus dereitos fundamentais e de formar parte plenamente da comunidade. As barreiras ás que se enfrontan varían en función de cada individuo e das súas necesidades específicas. Para o movemento asociativo do autismo é moi importante que a sociedade entenda cales son as barreiras ás que se enfrontan as persoas con TEA, porque iso permitirá unha mellor adaptación ás súas necesidades e reforzará a integración destas persoas en todos os ámbitos da sociedade.

É evidente que, a pesar dos avances conseguidos, actualmente a sociedade non conta coas condicións necesarias para facilitar a superación das barreiras cognitivas e sociais que as persoas con TEA atopan na súa vida cotiá. Por iso é preciso chamar a atención sobre o grande impacto psicolóxico e económico que o trastorno ten sobre toda a unidade familiar.

Dende as administracións públicas temos a obriga de facilitar a integración social destas persoas e esta pasa por unha correcta e fluída comunicación por parte da administración, sobre os seus servizos, de cara a estas persoas.

Polo exposto, Ciudadanos eleva ao Pleno do concello os seguintes **ACORDOS**:

Primeiro: O Concello de Cambre amosa o seu apoio ás persoas que presentan o trastorno do espectro do autismo (TEA) e, en xeral, ás persoas con dificultades de integración sensorial, e comprométese a consensuar e acordar a instauración de "1 hora sen ruído" como mínimo, non só para as atraccións senón tamén para calquera outro tipo de actividade que se produza con motivo de todas as festas do municipio durante o horario en que estas se leven a cabo. Irá ao longo de todo o ano para que os nenos con autismo, problemas auditivos ou parálise cerebral poidan acceder ás festas de maneira normalizada.

Segundo: Estudar a modificación da Ordenanza reguladora da protección do medio ambiente contra a emisión e recepción de rúidos e vibracións perturbadoras, e do exercicio de actividades de esparexemento e/ou recreativas sometidas a licenza, para que, no caso de ser necesario, contemple a súa instauración e que a iniciativa poida ir incorporada nos contratos coas diversas empresas que se instalen nas festas e tamén nas contratacións que realicen outras entidades ou asociacións.

Terceiro: O Concello de Cambre comprométese así mesmo a promover campañas de sensibilización sobre o autismo co obxectivo de facilitar a integración social destas persoas e fomentar o respecto á diversidade dende idades temperás, poñendo a disposición da cidadanía toda a información respecto desta iniciativa para a súa máxima difusión chegando a todo tipo de perfís."

Sometida a moción a votación ordinaria do Pleno, votan a prol as dúas concelleiras presentes do PP (dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común e dona María José García Hidalgo, de C's). Votan en contra os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan

Lesta) e os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguineo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceró Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei).

O Pleno municipal, por doce votos en contra, rexeitou a moción presentada por Ciudadanos co fin de instaurar 1 hora sen ruído en todas as festas do municipio, para favorecer aos nenos con dificultades de integración sensorial.

Faise constar que cando son as vinte horas e trinta e oito minutos, trala votación da moción, abandona a sesión don Daniel Carballada Rodríguez, do BNG.

3. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

3.1. Informes do equipo de goberno

Acceso á videoacta – 00:38:09 horas

De orde do Sr. presidente, a secretaria accidental dá conta dos seguintes asuntos:

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1553/2019, do 30 de xullo, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de don Diego Alcantarilla Rei dende o día 12 ao 23 de agosto de 2019, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución 1323/2019, do 1 de xullo.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Do escrito presentado polos oito concelleiros que integran o grupo municipal de UxC, rexistrado de entrada ao núm. 0/5373 o día 6 de agosto de 2019, polo que modifican a designación de voceiro titular e suplentes efectuada mediante escrito rexistrado de entrada ao núm. 0/4175 o día 20 de xuño de 2019, quedando designado como voceiro titular don Daniel Mallo Castro, voceiro suplente 1º don Juan González Leirós e voceira suplente 2º dona Elisa Pestonit Barreiros.

De conformidade co establecido no artigo 7.2 do Regulamento orgánico municipal, a modificación produce efectos dende a presentación do escrito no rexistro xeral.

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1632/2019, do 7 de agosto, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** Durante a ausencia de don Ramón Boga Moscoso, desde o día 12 ao 26 de agosto de 2019, ambos os dous incluídos, o estudo, impulso, dirección e inspección das políticas sobre as que ostenta delegación especial serán exercidas por esta Alcaldía, quen ostenta a delegación xenérica da Área de Presidencia, na cal se atopan incluídos os proxectos, medidas e servizos desenvolvidos na citada delegación especial, isto tendo en conta o disposto na Resolución da Alcaldía núm. 1323/2019, do 1 de xullo.

Transcorrido o citado prazo de ausencia, don Ramón Boga Moscoso continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1653/2019, do 9 de agosto, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** Avocar, de conformidade co artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico das administracións públicas, a delegación efectuada a prol de Xunta de Goberno Local respecto da designación da secretaria titular da mesa de contratación que se celebrará o vindeiro 12 de agosto de 2019, ás 09:30 horas.

Segundo: Designar secretaria titular da mesa de contratación que se celebrará o vindeiro luns, 12 de agosto de 2019, ás 09:30 horas, á técnica de xestión de administración xeral adscrita a Secretaría, dona Verónica María Otero López.

Terceiro: Dar conta á Xunta de Goberno Local e ao Pleno na seguinte sesión que teña lugar e publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia*.”

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1684/2019, do 19 de agosto, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de don Daniel Mallo Castro, os días 19 e 20 agosto de 2019, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución 1323/2019, do 1 de xullo.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1693/2019, do 21 de agosto, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de dona Maria Dolores Pan Lesta o día 1 de setembro de 2019 e dos días 6 ao 15 de setembro de 2019, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución número 1841/2016, de data 18 de novembro.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1786/2019, do 4 de setembro, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de don Daniel Mallo Castro, dende o día 6 ao 10 de setembro de 2019, ambos os dous incluídos a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución 1323/2019, do 1 de xullo.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

3.2. Rogos

Acceso á videoacta – 00:41:09 horas

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/1338 o día 2 de setembro de 2019, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º rogo - Acceso á videoacta – 00:41:12 horas

Lee o rogo dona María Jesús González Roel.

Os riscos físicos que para o viandante poidan ocasionar o lamentable estado que presentan as beirarrúas que, partindo da igrexa de Altamira levan ata a fonte que se atopa á altura dos semáforos da estrada N550, merecen unha reacción urxente de acondicionamento. O levantamento das plaquetas das ditas beirarrúas provoca cada vez máis inseguridade aos peóns que transitan pola zona. Inseguridade que se ve agravada polo estado de desbordamento continuo da fonte que se atopa no mesmo lugar, xa que a acumulación de auga no pavimento



pode producir (como así ten sido en máis dunha ocasión) esvaróns e caídas. Por este motivo rogamos ao concelleiro competente na área que acometa á maior brevidade posible as actuacións de acondicionamento da zona co fin de evitar riscos maiores.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta o rogo.

2º rogo - Acceso á videoacta – 00:42:33 horas

Lee o rogo dona Marta María Vázquez Golpe.

Tense observado e así nolo fixeron chegar varios veciños da urbanización da Barcala, que as obras da Praza 1º de Maio carecen do correspondente cartel ou panel informativo respecto do financiamento da obra, prazo de duración, empresa adxudicataria, técnico de obra e demais aspectos que deben de ser publicitados de forma obrigada para os efectos do xeral coñecemento dos veciños. Polo que rogamos ao goberno municipal que proceda de inmediato á súa colocación.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta o rogo.

3º rogo - Acceso á videoacta – 00:45:37 horas

Lee o rogo dona Marta María Vázquez Golpe.

Numerosísimas e xeneralizadas están sendo as críticas e valoracións negativas sobre as dúas feiras que se celebran de forma periódica no noso municipio: A feira de Cambre e a feira do Temple. Respecto da feira do Temple é lamentable a imaxe de desolación que se está ofrecendo ao público consumidor, imaxe que non afecta unicamente ao mercado en si mesmo, senón que corre serios riscos de ser trasladada ao propio comercio local, cada vez máis desanimado e decepcionado cunha feira que xa nin sequera merece tal nome. En canto á feira de Cambre, cada vez son menos postos os que acoden á cita, provocando unha discontinuidade entre eles que se fai verdadeiramente incómoda á vista e provoca que a afluencia de público sexa cada vez máis escasa. Visto que o anterior goberno non tivo interese algún en poñer ás feiras de Cambre no lugar que se merecen, rógase ao actual para que adopte as medidas necesarias para a súa recuperación.

Don Diego Alcantarilla Rei, concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Socioeconómico, contesta o rogo.

Rogos de EU-Son en Común presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/1340 o día 2 de setembro de 2019, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º rogo - Acceso á videoacta – 00:49:08 horas

Lee o rogo dona María Olga Santos López.

Vén de tempo atrás a rotura do pechamento de cemento sito enfrente do portalón da pista do pavillón de Cambre.

Son varias as ocasións nas que se teñen comunicado con nós veciñas e veciños para denunciar que se tiran colectores ao monte quedando espaxados os restos de botellas e latas.

Actualmente o estado da zona é novamente o que amosamos nas fotografías que achegamos ao presente rogo, como consecuencia do espaxado dun colector de lixo.

Pregamos se limpen os residuos indicados, así como que se arranxe o pechamento, evitando que de producirse novamente esta situación o lixo chegue ao monte.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta o rogo.

2º rogo - Acceso á videoacta – 00:50:12 horas

Lee o rogo dona María Olga Santos López.

Un dos puntos no que o pavimento se atopa en mal estado dentro do itinerario do Paseo Marítimo é o que sinalamos nas fotografías adxuntas a este rogo.

O estado das baldosas levantadas fai que poida provocar esvaróns ou mesmo caídas.

Pregamos sexan iniciadas as accións encamiñadas a corrixir o estado deteriorado deste tramo do paseo.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta o rogo.

Rogos de C's presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/1334 o día 2 de setembro de 2019, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º rogo - Acceso á videoacta – 00:50:53 horas

Lee o rogo dona María José García Hidalgo.

O pasado 29 de xullo, Ciudadanos presentou un rogo onde pedíamos que se dera cumprimento ao plan de participación pública acordado na negociación dos orzamentos de 2019, presentando a todos os grupos políticos desta Corporación o borrador, o documento inicial estratéxico do PXOM. A resposta foi NON, con base no artigo 60 da Lei do solo.

O dito artigo di: *As entidades locais poderán revisar de oficio os seus actos e acordos en materia de Urbanismo de acordo co disposto na lexislación do réxime xurídico das administracións públicas.*

É neste caso viable un remedio extraordinario como é a revisión de oficio?

A revisión de oficio é un procedemento polo que a administración pública de que se trate –neste caso o concello– pode revisar os seus propios actos sempre que estes sexan nulos de pleno dereito.

Trátase, como se ten indicado anteriormente, dun procedemento extraordinario que só se pode empregar nestes casos de nulidade de pleno dereito. En consecuencia, o primeiro dato fundamental que debe terse en conta para determinar se este procedemento pode ser utilizado neste caso é que o acordo de participación pública ao que nos referimos sexa nulo.

As causas de nulidade de pleno dereito dos actos das administracións públicas están detalladas na lei. Así, por exemplo, son nulos de pleno dereito:

- A. Os actos que lesionen os dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional.
- B. Os dictados por órgano manifestamente incompetente por razón da materia ou do territorio.

C. Os que se teñan ditado prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido ou das normas que conteñen as regras esenciais para a formación da vontade dos órganos colexiados.

D. Os contrarios ao ordenamento xurídico polos que se adquiren facultades ou dereitos cando se careza dos requisitos esenciais para a súa adquisición, etc.

Aínda que este procedemento non está sometido a prazos, indicándose na lei que as administracións poden declarar a nulidade dos seus propios actos “en calquera momento”, hai que ter en conta que, para salvaguardar a seguridade xurídica, a norma prevé certos límites nas facultades de revisión da administración cando o exercicio destas facultades sexa contrario á equidade, á boa fe, ao dereito dos particulares ou ás leis.

Dito isto, cabe lembrar que o Concello de Betanzos presentou, a primeira quincena de abril deste ano, a todos os grupos políticos o documento de inicio do Plan xeral de ordenación municipal. O borrador, aínda estando na súa fase máis inicial, como fixeron outros moitos municipios.

Por iso rogamos:

Reconsidere a equidade, a boa fe e o dereito de todos os grupos políticos desta Corporación a coñecer o borrador e a crear unha Comisión especial de seguimento do PXOM de Cambre.

Achegamos acordo asinado polo Sr. alcalde onde se compromete a incluír o plan de participación pública nos orzamentos de 2019.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta o rogo.

2º rogo - Acceso á videoacta – 01:03:46 horas

Lee o rogo dona María José García Hidalgo.

Xunto con este rogo traemos o contido da documentación dos escritos presentados no concello por uns veciños en reiteradas ocasións. Non recibiron nin a máis mínima resposta, nin a máis mínima noticia, de ningún dos tres escritos presentados, que son:

- Unha 1ª denuncia, presentada en data 28/03/2017. Case 2,5 anos despois, sen resposta.
- Un 2º escrito, presentado en data 29/09/2017. Case 2 anos despois, sen resposta.
- E un 3º escrito, reiterando o 1º, en data 29/09/2017. Case 2 anos despois, sen resposta.

Vese que estes escritos non resultan do interese do concelleiro responsable da área do Concello de Cambre e, polo que se ve, non teñen dereito a que se lles atenda nin a que se lles responda.

No primeiro escrito, EXPÓN:

1.- Que na finca sita en (determinado lugar) deste concello, atópase emprazada, en zona urbana segundo se aprecia no planeamento urbanístico, unha explotación gandeira que consta de polo menos 4 ovellas adultas e 4 crías de idade sen determinar, así como un número non contado de galiñas e coellos. Esta actividade gandeira é incompatible co uso deste tipo de solo segundo a normativa municipal actual, que limita o uso do solo urbano ao puramente residencial e á pequena industria compatible con el, quedando expresamente prohibidos todos os demais usos non compatibles co residencial.

Así mesmo, nesta explotación non se observan as distancias mínimas que este tipo de explotación deben manter respecto de núcleos urbanos e vivendas próximas, sendo especialmente grave o feito de que a citada finca linda co colexio público de educación infantil e primaria Wenceslao Fernández Flórez, co conseguinte risco para o colectivo

dos nenos, especialmente sensible ás infeccións transmitidas por estes animais (*Distomatosis, cenurosis, modorra das ovellas ou torneo, hidatidosis ou quiste hidatídico, brucelosis, ..., etc.*).

Esta parte descoñece se tanto a Dirección do centro como a ANPA teñen constancia da existencia desta explotación gandeira e dos riscos que esta pode causar aos colexiais.

Incluso nas zonas rurais –non digamos xa en zona urbana–, a normativa prohibe expresamente a existencia de explotacións agrarias a menos de cen (100) metros de calquera vivenda, especialmente dos centros de ensinanza polos graves riscos de transmisión de enfermidades que poden transmitir aos nenos, colectivo especialmente sensible pola súa vulnerabilidade.

2.- Que, con independencia da construción existente e probablemente xa consolidada, existen unhas instalacións nas que se atopa aloxado o gando, que non son anexas á dita construción, e que se atopan:

- a) Pegadas ao linde polo lado oeste.
- b) A escasa distancia do límite protexido do castro de Cambre, o que contradí a súa protección xa que Patrimonio Cultural impide edificar a menos de 50 metros do límite do castro protexido, polo que entendemos que as instalacións foron realizadas sen a/s oportuna/s licenza/s, e que nunca podería/n terse outorgado por contradicir a normativa de Patrimonio.
- c) Recentemente levantaron un novo valo cercando parte do recinto da finca de forma transversal, para o que entendo que tampouco dispoñían da oportuna licenza, polos mesmos motivos.

3.- Que como veciño lindeiro da dita finca sufro considerables molestias derivadas dos olores xerados pola granxa, pola presenza de insectos, os rúidos xerados pola explotación e as posibles enfermidades que os ditos animais poidan transmitir á contorna.

Tampouco se ten constancia de en que medida se están tratando os refugallo xerados por estes animais, nin quen os xestiona, xa que, en aparencia, non existe ningún elemento de almacenamento para o seu posterior tratamento.

Descoñezo tamén se existe control sobre as condicións hixiénicas da propia explotación nin sobre a fluctuación da cabana, pois é común que esta se vexa modificada no número de unidades da explotación, tanto na orde crecente como decrecente, especialmente visible no referente ao gando ovino.

SOLICITA

1.- Que se lle notifique ao/s titular/es da finca da (XXXX), a obrigatoriedade de cesar a explotación gandeira por ser incompatible co uso do solo.

2.- Que se me informe se o/s titular/es da finca dispoñen das oportunas licenzas para as construcións existentes, tanto de edificacións como de peches, e tanto no referente ao propio concello como á parte correspondente a Patrimonio Cultural.

3.- Que se informe a Patrimonio Cultural da existencia das ditas construcións por se este organismo atopa algún elemento que dalgunha maneira afecte ao xacemento do castro.

4.- Que se informe sobre as condicións hixiénico-sanitarias da explotación: permisos, identificación dos animais para o seguimento da súa trazabilidade, tratamento de residuos, idoneidade das instalacións gandeiras, permisos necesarios para a explotación, impostos ou taxas aos que estivera sometida a actividade, etc.

5.- Que se informe sobre se a ANPA e a Dirección do colexio Wenceslao Fernández Flórez teñen coñecemento da existencia da explotación gandeira contigua ás súas instalacións e do conseqüente risco de salubridade que iso supón para os escolares.

6.- Que se dea traslado a esta parte de todos os trámites que ao respecto do aquí exposto puideran darse en todos os procesos e partes, con independencia do trámite ao que este se atope sometido.

Cambre (A Coruña), 24 de marzo de 2017

Segundo escrito:

Que tendo presentado escrito de denuncia en data 28/03/2017, mediante rexistro electrónico núm. 201799900000076, e dado que xa teñen transcorrido seis (6) meses sen ter ningunha noticia das xestións realizadas e do resultado delas, solicita:

O acceso ao expediente completo, co fin de coñecer o estado no que se atopa na actualidade, e as xestións que se teñan podido realizar.

Terceiro escrito:

No enderezo XXXX estanse levando a cabo obras de rehabilitación, tanto no exterior como no interior da vivenda. Obsérvase que se ten cambiado a pintura da fachada, téñense pintado todas os enreixados de portas e ventás, e obras indeterminadas no interior da vivenda.

Por tanto solicita:

Saber se as mencionadas obras contan coa licenza municipal oportuna e dado que a dita vivenda se atopa dentro da área protexida de influencia do castro, se obtivo, así mesmo, a pertinente autorización por parte de Patrimonio Cultural.

Por todo isto rogamos:

Se conteste aos solicitantes á maior brevidade posible e se nos explique por que se fixo caso omiso a estes escritos presentados.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta o rogo.

3º rogo - Acceso á videoacta – 01:20:21 horas

Lee o rogo dona María José García Hidalgo.

A actividade de numerosas empresas que xeran residuos na rúa Daimier, no Polígono do Espírito Santo, fan que sexa necesaria a colocación de máis contedores segundo nos teñen trasladado varios demandantes.

Por iso rogamos:

Se solicite do Consorcio As Mariñas a colocación de máis contedores na dita rúa.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta o rogo.

3.3. Preguntas

Acceso á videoacta – 01:23:34 horas

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/1338 o día 2 de setembro de 2019, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:23:36 horas

Lee a pregunta dona María Jesús González Roel.

Á vista das obras anunciadas na Casa da Arrigada pregúntase ao concelleiro da área correspondente respecto do contido, financiamento, finalidade e prazos delas.

Don Daniel Mallo Castro, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:25:41 horas

Lee a pregunta dona María Jesús González Roel.

Con base en garantir o cumprimento da normativa sobre transparencia na función pública pregúntase ao alcalde de Cambre sobre a identidade, experiencia, funcións concretas a desenvolver e titulacións das persoas contratadas polo Goberno como persoal de confianza ou eventual.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, contesta a pregunta.

3ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:26:23 horas

Lee a pregunta dona Marta María Vázquez Golpe.

Pregúntase á concelleira da Área de Economía sobre os prazos de execución, pagamento e financiamento da Casa da Cultura de Cambre.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, contesta a pregunta.

Preguntas de AV presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/1335 o día 2 de setembro de 2019.

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:27:30 horas

Lee a pregunta don Raúl Varela Fraguío.

Coñecendo as múltiples queixas da veciñanza respecto da obra que se está a executar na rúa Estanque, incluso dende antes de dar inicio a esta.

Vendo os sobrecustos que se poidan derivar da futura reforma debido as deficiencias xeradas coas actuacións que se están a levar a cabo.

E partindo das políticas de participación cidadá que o Goberno actual presume con aplicar.

Preguntamos ao concelleiro competente que medidas de participación cidadá se aplicaron para o estudo e a execución da dita actuación.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:29:36 horas

Lee a pregunta don Raúl Varela Fraguío.

Coa situación da veciñanza residente na Patiña sen resolver. E sabendo que é un tema que depende directamente doutras administracións.

Preguntamos ao novo Goberno municipal que medidas de apoio se lles está a dar ás persoas afectadas dende o Concello de Cambre.

Dona Lúa Sanguñedo Álvarez, concelleira delegada da Área de Benestar Social, contesta a pregunta.

Preguntas de EU-Son en Común presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/1340 o día 2 de setembro de 2019, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:30:32 horas

Lee a pregunta dona María Olga Santos López.

Son varias as iniciativas presentadas por Esquerda Unida en Cambre coa finalidade de protexer un dereito como o da vivenda, que pese a estar recoñecido na Constitución non é asumido polas diferentes administracións, converténdose nun obxecto de especulación.

A situación do edificio da Patiña supón un exemplo desta falta de actuación por parte das administracións, que remata lesionando un dereito de tanta importancia. Ademais, os diferentes gobernos municipais nunca impulsaron plans municipais de vivenda que permitisen garantir o dereito á vivenda no noso concello.

Por todo o anterior preguntamos:

Cales son as medidas que ten realizado o Goberno de Cambre para garantir o dereito á vivenda en Cambre?

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:32:20 horas

Lee a pregunta dona María Olga Santos López.

Cal é o criterio seguido para colocar céspede artificial na nova praza do Balado, tendo en conta o carácter marcadamente ecoloxista e defensor da natureza que membros deste Goberno anuncian e autoproclaman?

Achegamos fotografías ilustrativas do resultado final da praza coa incorporación de céspede artificial.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta a pregunta.

3ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:32:51 horas

Lee a pregunta dona María Olga Santos López.

Trala celebración dun pleno extraordinario durante a campaña electoral de dubidosa necesidade, o Goberno saínte formado por UxC, PSOE e BNG acordou a interposición de accións xudiciais, por presuntas manifestacións lesivas do alcalde de Oleiros contra a Corporación municipal.

No acordo apoiado polos tres partidos citados, e actualmente presentes nesta nova Corporación, concretáronse as seguintes medidas:

1º.- Proceder a unha conciliación previa por vía civil, dándolle a AV a oportunidade de retractarse das acusacións vertidas relacionadas coa modificación puntual das NNSS do planeamento de Cambre no ámbito da N-VI.

2º.- No seu defecto interpoñer as accións penais pertinentes por delito de calumnia e subsidiariamente por injurias.

3º.- Simultaneamente ao exercicio da acción penal, denunciar os feitos á Xunta Electoral.

4º.- Contratar os servizos dun despacho de avogados para levar a cabo o indicado.

Preguntamos:

Cal é o estado de xestión de cada un dos catro acordos adoptados polo Goberno tripartito da anterior lexislatura con explicación das accións realizadas e concreción das datas de cada unha das ditas accións?

Dona Lúa Sanguñedo Álvarez, concelleira delegada da Área de Benestar Social, manifesta que se contestará por escrito.

Preguntas de C's presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/1334 o día 2 de setembro de 2019, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª - 2ª e 3ª - Acceso á videoacta – 01:34:20 horas

Lee as preguntas dona María José García Hidalgo.

As instalacións da sociedade recreativa *La Juventud de Cecebre*, seguen a deteriorarse pese ao convenio anunciado polo concello, polo cal cun investimento económico orzamentado, estas reparacións poderían levarse a cabo.

- Que motivos xeraron o incumprimento deste convenio?
- Para cando considera o equipo de goberno que se realizarán as obras?
- De non ter data, van cumprir o acordado, si ou non?

Dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, contesta a pregunta.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e unha horas e trinta e seis minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria accidental

Mª del Juncal Capín Fonseca